

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

Lista de asistentes:

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA SONIA OUTÓN CASAL
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ
DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
DONA MARÍA MOSQUERA LEAL
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ
DONA LUCÍA CESAR VELOSO
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA
D. MIGEL ALVES LAGO

Lista de non asistentes:

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28 de xuño de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de maio de 2018.
 2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes maio de 2018.
 3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
 4. Comparecencia da Concelleira de Urbanismo (Dona Paola María Mochales) e do Concelleiro de Seguridade e Tráfico (D. Juan A. Pérez Callón) en relación coas obras da Praza de Galicia.
 5. Aprobación, se procede, das liñas de actuación comprendidas na 2ª Senda Financeira aprobada polo Ministerio de Facenda para a Estratexia "Dusi Vilagarcía Avanza".
6. Aprobación, se procede, expediente nº 01/CE/2018 e Nº 01/CF/2018 (Expte. Electrónico INT/2018/000128) de modificación de crédito por crédito extraordinario e de cambio de finalidade "Vilagarcía Avanza".
 7. Aprobación, se procede, expediente nº 02/CE/2018 de crédito extraordinario e nº 02/CF/2018 de cambio de finalidade (Expte. Electrónico INT/2018/000129) e autorización uso fondo de continxencia.
 8. Aprobación, se procede, expediente nº 01/SC/2018 de suplemento de crédito e nº 03/CF/2018 de cambio de finalidade (Expte. Electrónico INT/2018/000131).
 9. Aprobación, se procede, da continuidade do contrato de prestación do servizo de recollida e transporte de lixo ó vertedoiro, limpeza viaria, prazas, parques, xardíns públicos e praias do Concello.
 10. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría por unha vila que fomente a economía social.
 11. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría con motivo do Día do orgullo LGTBI+ e para continuar avanzando na igualdade de trato e non discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e intersexuais.
 12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobe medidas para avanzar na laicidade do Estado no ámbito Municipal.

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP de solicitude de formación para o manexo dos desfibriladores existentes nas instalacións municipais.
14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Rogos e preguntas.
17. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE MAIO DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria ordinaria de data 31 de maio de 2018.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2018: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE MAIO DE 2018:

Nº DESCRICIÓN

- | | |
|----|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | Concesión de licenza para amoreamento elementos de terraza de establecemento de hostalería na vía pública |
| 1 | Aceptación de supresión de entidade urbanística de conservación en proxecto de urbanización |
| 2 | Aceptación de recepción de obras de Urbanización |
| 2 | Dar conformidade a proxecto básico e de execución |
| 4 | Concesión de legalización/instalación de rótulo publicitario |
| 4 | Concesión de legalización de obras |
| 1 | Concesión de licenza de primeira ocupación |
| 1 | Aceptación de desestimento expediente tramitación Plan Especial |
| 3 | Aceptación de desestimento e arquivo de expediente de licenza municipal de obras |
| 2 | Concesión de prórroga de seis meses para execución de obras |
| 7 | Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento |
| 5 | Concesión de licenza para obras de canalización |
| 3 | Concesión de licenza de obra maior |
| 33 | Aceptación de comunicación previa e documentación para obras menores |
| 2 | Aceptación de comunicación previa e documentación para cambio de titularidade e desenvolvemento de actividade |
| 12 | Aceptación de comunicación previa e documentación para inicio e desenvolvemento de actividade |
| 4 | Concesión de licenza municipal de obra menor |
| 1 | Concesión de licenza para segregación de parcela |
| 1 | Desestimación alegacións declaración de ineficacia comunicación previa acondicionamento de edificio uso sanitario |
| 1 | Estimación de alegacións en relación expediente instalación chimenea |
| 2 | Iniciación de expediente de orde de execución aportación informe-ditame de seguridade |

- 3 Arquivo de expediente orde presentación informe-ditame de seguridade
- 1 Desestimación de alegacións contra resolución orde limpeza solar
- 1 Requirimento en relación expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Desestimación de recurso de reposición contra resolución sobre desestimacion alegacións determinación datas vacacións 2018 axente policía local
- 4 Concesión de gratificación especial por realización de funcións de categoría superior
- 1 Dedución proporcional de haberes por ausencias non xustificadas de empregados/as alumnos/as do Obradoiro
- 1 Nomeamento de funcionaria interna TSAAFD
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportación ao Plan de Pensións do mes de abril de 2018
- 2 Aprobación de bases para procedemento de selección de persoal
- 1 Acordar trámite de audiencia a empregado municipal por ausencia non xustificada do posto de traballo
- 1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde de funcións da Alcaldía por ausencia do titular
- 1 Nomeamento de comisión de selección para Selección de Socorristas 2018
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos por transferencia
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos por transferencia de créditos
- 10 Aprobación de expediente de modificación de créditos de natureza non tributaria
- 1 Aprobación de marco orzamentario consolidado a medio prazo 2019-2021
- 1 Recoñecemento de obrigas e orde de pago
- 2 Devolución de ingresos indebidos e compensación de débeda
- 6 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
- 12 Orde de pago de facturas
- 9 Imposición de sanción por infracción de tráfico
- 4 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Estimación de solicitude de entrega de vehículos intervidos pola Policía Nacional
- 1 Inscripción de asociación en Rexistro Municipal
- 1 Concesión de autorización para utilización de escenarios móbiles
- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras proxecto municipal
- 1 Dar de baixa por caducidade de inscrición padronal a persoas por non renovación obrigatoria de inscrición
- 2 Desestimación de recurso de reposición expediente infracción de horario de peche de establecemento
- 1 Autorización cambio de datas para concertos/actuacións ao aire libre
- 1 Autorización realización concerto acustico ao aire libre
- 1 Autorización para instalación de caravana de bebidas na vía pública para evento de coctelería
- 1 Iniciación de expediente sancionador contra establecemento de hostalería por deposito de lixo fora dos colectores

TOTAL: 172

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE

DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de participación cidadá de D. Jonathan Steven Castaño Serna, en representación da Asociación Xuventude Activa en Sinexia (X.A.S.) en relación co asunto que figura co nº 11 da orde do día do Pleno.

Intervén o Sr. Castaño Serna.

- Sendo as 17-15 horas incorporase á sesión a Sra. Mosquera Leal.

A continuación polo Sr. Alcalde alterase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratarse o asunto que figura co nº 11 da mesma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA CON MOTIVO DO DÍA DO ORGULLO LGTBI+ E PARA CONTINUAR AVANZANDO NA IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría coa data de 20 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 28 de xuño de 2018, a seguinte moción

MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA DO ORGULLO LGTBI+ E PARA CONTINUAR AVANZANDO NA IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co motivo da celebración do día do Orgullo LGTBI+ faise necesario analizar e repasar, unha vez máis, algunhas cifras sobre a realidade que viven as persoas LGTBI+ e perseverar e ampliar as liñas de traballo levadas a cabo dende as institucións e cuxo principal motor está no activismo e tecido asociativo das persoas sexualmente diversas.

En primeiro lugar, debemos recoñecer os avances realizados, que levan a España a situarse na cabeceira dos estados máis evolucionados na igualdade por orientación sexual e identidade de xénero. Enquisas recentes apuntan a que preto dun 90% da sociedade española recoñece esta

diversidade dunha maneira positiva e convive con ela con total sentimento de que é un enriquecemento para a nosa sociedade. Con todo, a igualdade no Estado aínda non é completa, nin sequera a título legal. Seguimos tendo unha transexualidade patoloxizada e non se recoñece o dereito á autodeterminación de xénero. Todo isto supón gravísimas vulneracións de dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución. Asemade, as persoas LGTBI+ continúan sufrindo discriminación no acceso á reprodución asistida e na afiliación das fillas e fillos. Existe unha gran desprotección para as menores intersexuais, que seguen sendo intervidas cirurxicamente non por motivos médicos, senón ideolóxicos.

Ademais, a gran igualdade legal da que dispoñemos en España non se corresponde coa igualdade práctica. Un dos principais delitos de odio no estado vén motivado pola orientación sexual e identidade de xénero. O último informe do Ministerio do Interior, de 2015, fala de 169 casos denunciados. O Observatorio Madrileño contra a LGTBIfobia recolle 230 casos no ano 2016, é dicir, unha chamada cada trinta e seis horas por graves vulneracións do dereito á orientación sexual e identidade de xénero. O Observatorio contra a Homofobia de Cataluña fala da impunidade coa que se producen este tipo de delitos e todos estes observatorios coinciden en que, de todos os delitos que se producen, só entre un 10 % e un 20 % acaban en denuncias. Podemos sacar dúas conclusións: o elevado nivel de violencia que sofre o colectivo e as enormes dificultades existentes aínda para presentar denuncias. O Eurobarómetro recolle que para a sociedade española a identidade de xénero é a discriminación máis estendida, por diante das características étnicas, e detrás da orixe étnica —o terceiro motivo de discriminación— está a orientación sexual. A sociedade española é perfectamente consciente de que no noso país séguese discriminando especialmente por identidade de xénero e tamén por orientación sexual. As mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais continúan vivindo unha dobre ou unha tripla discriminación polas súas diversas condicións. Moitos estudos móstrannos ano tras ano o acoso escolar por orientación sexual e identidade de xénero como un problema importante nas nosas escolas, como a principal causa de acoso escolar, de bullying. Algún estudo fala de que ata un 57% dos menores gais podería estar a sufrir algún tipo de violencia psicolóxica e/ou física nas escolas por este motivo. Un informe do Injuve, con datos recollidos polo CIS, dinos que este tipo de violencia é presenciada e recoñecida pola maioría da mocidade. Os nosos mozos e mozas saben que isto sucede nos centros escolares e é algo co que conviven a diario. Un estudo de 2012 realizado por Cogam e a Federación LGTBI+ relacionaba o feito de sufrir un acoso prolongado e a falta de apoio familiar, por mor desta invisibilidade, co suicidio. Fálanos de que un 43% da mocidade que sofre deste tipo de acoso ideou o suicidio, o 35% chegou a planificalo e o 17% tentouno. Isto supón que a poboación adolescente LGTBI+ está entre tres e cinco veces máis en risco de suicidio cá poboación adolescente xeral.*

No caso de Galicia cómpre lembrar a existencia da Lei 2/2014 pola Igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Esta lei, cuxa versión última difire moito do proxecto inicial a causa da eliminación que fixo o PPdeG de moito do seu contido, é actualmente case unha declaración programática, debido á falta de vontade por parte da Xunta para o seu desenvolvemento. Ante a presión dos distintos colectivos por este feito, o que fixo o PP foi trasladarlle a súa responsabilidade aos concellos, cunha proposta para ampliar as competencias dos CIM. O que reflicte, por un lado, a falta de compromiso da Xunta coas necesidades das persoas LGTBI+ e amosa a pasividade coa que se trata a normalización das diversidades dende as institucións, vencellándoas a uns órganos que se crearon co obxectivo de ser espazos de referencia para as mulleres. E, polo outro, a pouca consideración por parte da Xunta do traballo que veñen facendo dende os CIM, moitas veces sobrecargados e con continuas demandas de máis persoal, subestimando a necesidade de formación para unha atención axeitada das persoas LGTBI+ da que as profesionais que xestionan os CIM habitualmente carecen.

Ademais, en dita lei de Galicia, recóllese a información ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta lei con carácter trianual, por parte da Xunta de Galicia, cousa que non se fixo tras máis de tres anos de entrada en vigor da lei.

En relación ao Concello de Vilagarcía, hai que recoñecer certos avances coa realización de coloquios ou as actividades que, impulsadas polos colectivos, se realizan co motivo do Día do Orgullo LGTBI+. Existe, ademais, un Punto de Información LGTBI+ que se creou co motivo da aprobación da Lei 2/2014 pero sen chegar a dinamizarse a súa actividade e, nin sequera,

publicitar a súa existencia na web, só neste ano temos coñecemento de certo impulso por parte do Concello coa elaboración de carteis para a súa difusión nos centros de ensino. Non obstante, este punto de información LGTBI+ parécenos unha boa referencia sobre a que traballar, especialmente no que respecta á xente nova que precise de asesoramento e apoio nunha fase moi delicada do seu percorrido vital.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

1- Instar á Xunta de Galicia ao desenvolvemento da Lei 2/2014, coa conseguinte dotación económica, e insistir na necesidade da creación espazos específicos e referencias para as persoas LGTBI+, sen desviar as responsabilidades aos CIM.

2- Instar á Xunta de Galicia a elaborar e presentar neste ano 2018 o informe trianual ao que obriga a lei 2/2014 na súa disposición adicional.

3-Instar á Xunta de Galicia á creación dun Observatorio galego contra a LGTBIfobia tal e como se solicitaba no Proxecto de Lei de Identidade de Xénero impulsado polos colectivos.

4-O apoio explícito do Concello de Vilagarcía ao proxecto de identidade de xénero promovido polos colectivos e o compromiso e acompañamento nos pasos que se dean co fin de que a Xunta de Galicia levante o veto a unha lei tan necesaria para acabar coa discriminación das persoas trans.

5-A elaboración de estudos sobre a realidade LGTBI+ no Concello de Vilagarcía de Arousa, a efectos de obter información específica para a realización de plans de actuación contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero no Concello.

6-A dinamización do punto de información LGTBI+ e a súa inclusión na web, nun lugar preferente, coa activación dun formulario web co fin de que as persoas LGTBI+, especialmente a máis novas, poidan facer un primeiro achegamento en busca de asesoramento de forma anónima e segura. Así mesmo, a creación dun plan específico de difusión do punto en centros de ensino, asociacións deportivas, centros culturais, etc., co fin de fomentar o seu coñecemento entre a cidadanía.

7-O compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa en canto á formación e xestión eficiente e cualificada do punto de información LGTBI+, sen que isto supoña cargar de maior responsabilidade as persoas que levan o CIM.

8-Incidir a través de charlas e cursos na formación sobre a realidade LGTBI+ entre o persoal municipal como a Policía Local ou as traballadoras e traballadores sociais.

9-Realización de charlas sobre a cuestión LGTBI+ nos centros do ensino do municipio a efectos de concienciar o persoal docente, familias e alumnado co fin de combater o que entendemos como moi grave problema de acoso escolar nos colexios e institutos por razóns de LGTBIfobia. Que os centros de ensino fagan unha valoración por curso do acadado no seu espazo de cara á valoración e a defensa da diversidade afectivo-sexual que poida servir de indicativo dos avances na igualdade entre as e os estudantes do centro.

10-Impulsar e apoiar, no ámbito municipal, conferencias informativas, proxeccións audiovisuais, producións e actos culturais que teñan como obxectivo a igualdade en materia LGTBI+ e a súa visibilidade.

11-Impulsar e apoiar estruturalmente aqueles colectivos informais e formais que desexen facer dinámicas e mobilizacións de cara á visibilización da diversidade sexual.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de xuño de 2018

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría con motivo do Día do orgullo LGTBI+ e para continuar avanzando na igualdade de trato e non discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e intersexuais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e:

1- Instar á Xunta de Galicia ao desenvolvemento da Lei 2/2014, coa conseguinte dotación económica, e insistir na necesidade da creación espazos específicos e referencias para as persoas LGTBI+, sen desviar as responsabilidades aos CIM.

2- Instar á Xunta de Galicia a elaborar e presentar neste ano 2018 o informe trianual ao que obriga a lei 2/2014 na súa disposición adicional.

3-Instar á Xunta de Galicia á creación dun Observatorio galego contra a LGTBIfobia tal e como se solicitaba no Proxecto de Lei de Identidade de Xénero impulsado polos colectivos.

4-O apoio explícito do Concello de Vilagarcía ao proxecto de identidade de xénero promovido polos colectivos e o compromiso e acompañamento nos pasos que se dean co fin de que a Xunta de Galicia levante o veto a unha lei tan necesaria para acabar coa discriminación das persoas trans.

5-A elaboración de estudos sobre a realidade LGTBI+ no Concello de Vilagarcía de Arousa, a efectos de obter información específica para a realización de plans de actuación contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero no Concello.

6-A dinamización do punto de información LGTBI+ e a súa inclusión na web, nun lugar preferente, coa activación dun formulario web co fin de que as persoas LGTBI+, especialmente a máis novas, poidan facer un primeiro achegamento en busca de asesoramento de forma anónima e segura. Así mesmo, a creación dun plan específico de difusión do punto en centros de ensino, asociacións deportivas, centros culturais, etc., co fin de fomentar o seu coñecemento entre a cidadanía.

7-O compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa en canto á formación e xestión eficiente e cualificada do punto de información LGTBI+, sen que isto supoña cargar de maior responsabilidade as persoas que levan o CIM.

8-Incidir a través de charlas e cursos na formación sobre a realidade LGTBI+ entre o persoal municipal como a Policía Local ou as traballadoras e traballadores sociais.

9-Realización de charlas sobre a cuestión LGTBI+ nos centros do ensino do municipio a efectos de concienciar o persoal docente, familias e alumnado co fin de combater o que entendemos como moi grave problema de acoso escolar nos colexios e institutos por razóns de LGTBIfobia. Que os centros de ensino fagan unha valoración por curso do acadado no seu espazo de cara á valoración e a defensa da diversidade afectivo-sexual que poida servir de indicativo dos avances na igualdade entre as e os estudantes do centro.

10-Impulsar e apoiar, no ámbito municipal, conferencias informativas, proxeccións audiovisuais, producións e actos culturais que teñan como obxectivo a igualdade en materia LGTBI+ e a súa visibilidade.

11-Impulsar e apoiar estruturalmente aqueles colectivos informais e formais que desexen facer dinámicas e mobilizacións de cara á visibilización da diversidade sexual.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO (DONA PAOLA MARÍA MOCHALES) E DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE E TRÁFICO (D. JUAN A. PÉREZ CALLÓN) EN RELACIÓN COAS OBRAS DA PRAZA DE GALICIA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 31 de maio de 2018 de aprobación de moción dos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría de comparecencia ante o Pleno da Corporación para informar sobre o deseño da obra e a modificación practicada e sobre o papel dos/as alumnos/as do Obradoiro de Emprego nesa modificación, e se esa participación cumpriu todos os requisitos laborais e normativos aos que se deben acoller os obradoiros de emprego e a súa programación.

A Comisión queda sabedora.

Polo Sr. Alcalde retírase o asunto pasando a tratarse no seguinte Pleno Ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN COMPRENDIDAS NA 2ª SENDA FINANCEIRA APROBADA POLO MINISTERIO DE FACENDA PARA A ESTRATEXIA “DUSI VILAGARCÍA AVANZA”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDÍA

O Concello de Vilagarcía resultou beneficiario da concesión de axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

Tal e como se fai constar no informe-proposta da Directora DUSI de data 20 de xuño de 2018:

“Que o Concello de Vilagarcía de Arousa presentouse á convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) segundo a Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro (BOE Nº 275 de 17/11/2015), pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de EDUSI que serán cofinanciadas mediante el programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020. Así, mediante Resolución de 29 de setembro de 2016 (BOE nº239), a EDUSI VILAGARCÍA AVANZA, foi seleccionada pola Secretaría de Estado de Presupostos e Gastos, para a concesión de axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

A EDUSI Vilgarcía Avanza aprobada inicialmente con 36 liñas de actuación, sería dificilmente executable por tratarse de liñas moi concretas e pouco flexibles, o que dificultaría aos departamentos do Concello de Vilagarcía susceptibles de ser beneficiarios o desenvolvemento da Estratexia. Así, con data 03 de agosto de 2017 comunícase por parte da Xestión FEDER que en aras a satisfacer o principio de eficiencia na xestión da Estratexia, se poderán autorizar a refundición ou agrupamento das liñas de actuación, sempre e cando se axustasen ao seguintes parámetros:

- Que as liñas a agrupar (e por tanto, a resultante) estean asociadas ao mesmo Obxectivo Específico,
- Que a liña de actuación resultante recolla sen alteracións o contido das liñas de actuación agrupadas (i en particular, a súa descrición, obxectivos e presuposto),
- Que non se comprometa o ritmo de execución da Estratexia (nin para ese OE)
- Que se garante a consecución de todos os valores previstos nos indicadores.

En este contexto, e logo de solicitar o 25 de outubro de 2017 por parte da Dirección da EDUSI o reagrupamento de 36 a 20 liñas de actuación respectando en todo momento tanto os obxectivos específicos como os obxectivos temáticos aprobados na Estratexia (número de rexistro ORVE 00000321 e 1800069800), con data 18 de abril de 2018 dende a Xestión FEDER comunican que a “agrupación de liñas se axusta aos parámetros establecidos nas “Directrices para a redacción do Manual de Procedementos polas Entidades DUSI (Organismos Intermedios “Lixeiros” V3/08-2017” (apartado 4.B. “Modificación das actuacións aprobadas)””; e posteriormente, con data 04 de xuño de 2018, Xestión FEDER comunica, que xa procederon ao rexistro das fichas das actuacións refundidas no sistema FONDOS 2020.

Ademais, nun principio acordouse por parte da dirección da EDUSI Vilagarcía Avanza que se adicaría o total do volume do gasto a financiar integramente aos catro obxectivos temáticos OT2, OT4, OT6 e OT9 establecidos na propia Estratexia, non deixando presuposto algún para o Eixo 13 de Asistencias técnicas, que engloban tanto xestión como comunicación; sen embargo, a Xestión FEDER incorporou dende o inicio e de forma automática na Senda Financeira en FONDOS 2020 un presuposto asignado para este eixo 13 dun 4% en previsión das contratacións que habería que realizar tanto para xestión como para comunicación da propia estratexia. En consecuencia, decidiuse por parte da dirección da EDUSI Vilagarcía Avanza, aceptar dispor deste 4% para as liñas de actuación de xestión e comunicación, reducindo o resto das liñas de xeito proporcional, tal e como propuxo o Organismo Intermedio.

Por todo o anterior, e unha vez aprobadas por parte da Xestión FEDER o reagrupamento de liñas de actuación da Estratexia DUSI Vilagarcía Avanza, de 36 a 20 liñas máis dúas liñas a maiores para Xestión unha, e outra para Comunicación, precísase modificar o financiamento do préstamo aprobada no exercicio 2017 e que afectaba as 36 liñas de actuación anteriores, pasando a axustarse as novas 20 liñas de actuación máis as dúas engadidas de asistencia, quedando tal e como aparece no ANEXO I.

Ante esta reagrupación de liñas de actuación e tendo en conta que o préstamo aprobado no exercicio 2017 para o financiamento da aportación municipal do 20% da Estratexia só afectaban a aquelas liñas de inversión quedando excluídas as liñas de gasto corrente, e considerando que este se incrementa pola adición das dúas liñas de asistencia restando financiamento das liñas de inversión, prodúcese un sobranse do préstamo que non pode destinarse a gasto corrente e que se decide vincular co obxectivo temático OT9, por entender que se podería precisar máis financiamento nas liñas de actuación deste obxectivo.

Por outro lado e tendo en conta a operativa EDUSI pola cal a subvención FEDER concedida xera crédito no momento en que a Unidade de Xestión emite o DECA e este é recibido e aceptado por parte da Unidade Executora, en función da Expresión de Interese á que afecta, deberá establecerse un sistema igual de áxil para destinar a aportación do Concello (préstamo) ás aplicacións orzamentarias correspondentes.”

Por todo o exposto, esta Alcaldía somete á Corporación Municipal á adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación das novas liñas de actuación e da nova Senda Financeira do Préstamo aprobado no exercicio 2017, para axustalo ao reagrupamento das liñas de actuación afectando ás liñas de inversión e respectando as anualidades que se mostran nos ANEXOS II, III, IV, V e VI para cada un dos correspondentes obxectivos temáticos.

SEGUNDO: Que se leven a cabo as actuacións orzamentarias e contables que procedan co fin de recoller na contabilidade municipal a nova senda financeira do préstamo do ano 2017 e das liñas de actuación.

TERCEIRO: Para facilitar a operativa orzamentaria EDUSI en relación as liñas de actuación financiadas con cargo a préstamo, autorizar ao Alcalde a realizar as modificacións de crédito oportunas que sexan necesarias para a implementación da propia Estratexia, aínda que sexan de

competencia plenaria, sempre e cando non afecten a obxectivos temáticos diferentes e teñan as autorizacións correspondentes do Organismo Intermedio. No caso de que as citadas modificacións de crédito sexan competencia do Pleno Municipal, tal e como establece a lexislación vixente (TRLRFL) o expediente deberá ser ratificado no Pleno con posterioridade.

Vilagarcía de Arousa, 20 de xuño de 2018

A ALCALDE

Asdo/. Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación das liñas de actuación comprendidas na 2ª Senda Financeira aprobada polo Ministerio de Facenda para a Estratexia “Dusi Vilagarcía Avanza”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1) e dez abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: A aprobación das novas liñas de actuación e da nova Senda Financeira do Préstamo aprobado no exercicio 2017, para axustalo ao reagrupamento das liñas de actuación afectando ás liñas de inversión e respectando as anualidades que se mostran nos ANEXOS II, III, IV, V e VI para cada un dos correspondentes obxectivos temáticos.

SEGUNDO: Que se leven a cabo as actuacións orzamentarias e contables que procedan co fin de recoller na contabilidade municipal a nova senda financeira do préstamo do ano 2017 e das liñas de actuación.

TERCEIRO: Para facilitar a operativa orzamentaria EDUSI en relación as liñas de actuación financiadas con cargo a préstamo, autorizar ao Alcalde a realizar as modificacións de crédito oportunas que sexan necesarias para a implementación da propia Estratexia, aínda que sexan de competencia plenaria, sempre e cando non afecten a obxectivos temáticos diferentes e teñan as autorizacións correspondentes do Organismo Intermedio. No caso de que as citadas modificacións de crédito sexan competencia do Pleno Municipal, tal e como establece a lexislación vixente (TRLRFL) o expediente deberá ser ratificado no Pleno con posterioridade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPEDIENTE Nº 01/CE/2018 E Nº 01/CF/2018 (EXPTE. ELECTRÓNICO INT/2018/000128) DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE CAMBIO DE FINALIDADE “VILAGARCÍA AVANZA”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE DIVERSOS PRESTAMOS.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 20 de xuño de 2018 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº 01/CF/2018** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente da operación de préstamo a longo prazo **Nº 2017/1/79420**, concertada no exercicio 2017 para o financiamento de 30 proxectos de gasto de inversión comprendidos na 1º senda financeira da estratexia “VILAGARCÍA AVANZA” por importe de **1.150.800,00€**, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.

- Expediente **Nº01/CE/2018** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **1.150.800,00€**.

Todos eles co fin de dar cobertura os seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº OBRA	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
491-6410017	1	AGR TRANSFORMACION DIGITAL DEL CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA-VLG-LA01-TRANSDIG-OE 233	135.168,00	135.168,00	135.168,00
491-6410017	2	VILAGARCIA DE AROUSA SMART CITY-VLG LA02 SMARTCITY OE 233	15.360,00	15.360,00	15.360,00
134-6290017	3	AGR POTENCIACION E MELLORA DA MOBILIDADE URBANA-VLG-LA03 MOVSOS OE 451	74.880,00	74.880,00	74.880,00
134-6290017	4	MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	57.600,00	57.600,00	57.600,00
1720-6290017	5	AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453	76.800,00	76.800,00	76.800,00
1720-6290017	6	INCREMENTO DO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN EDIFICIOS PBLCOS. MUNICIPAIS-VLG-LA13-ENERGPUB-OE 453	76.800,00	76.800,00	76.800,00
341-6320017	7	AGR XERACION OFERTA DEPORTIVA, TURITICA E CULTURAL-VLG-LA08 GENEOPER-OE 634	192.000,00	192.000,00	192.000,00
1720-6290017	8	RECUPERACION PATRIMONIO NATURAL COSTEIRO-VLG-LA20-PATRICOS-OE634	39.360,00	39.360,00	39.360,00
1720-6290017	9	AGR IMPULSO E MELLORA DA SOSTIBILIDADE E AS CONDICIÓNIS AMBIENTAIS NA ÁREA URBANA-VLG-LA 07-SOSAMB OE 652	100.800,00	100.800,00	100.800,00
336-6190017	10	RECUPERACION DO PATRIMONIO HISTORICO, CULTURAL E NATURAL-VLG-LA19-PATRIHIS-OE634	26.880,00	26.880,00	26.880,00
134-6190017	11	AGR RECUPERACION ESPAZOS PBLCOS. IMPULSANDO ACTIVIDADES EN COMÚN-VLG-LA13-RECESP-OE 982	92.160,00	92.160,00	92.160,00
241-6410017	12	AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-VLG-LA-17-INCL-OE982	16.320,00	16.320,00	16.320,00
1530-6190017	13	CREACION PARQUE METROPOLITANO DE UNION MAR-MONTAÑA-VLG-LA 23-MARMONTA-OE 982	84.480,00	84.480,00	84.480,00
333-6320017	14	RECUPERACION EQUIPAMENTOS EN DESUSO-VLG-LA 26-EQUIOABAN-OE 982	57.600,00	57.600,00	57.600,00
4312-6320017	15	RECUPERACION MERCADOS TRADICIONALES VLG-LA27-MERCATRAD-OE 982	19.200,00	19.200,00	19.200,00

1530-6190017	16	AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS-VLG-LA28-EMPRESA-OE 982	23.040,00	23.040,00	23.040,00
241-6220017	17	CREACION CENTROS ORIENTACIÓN EMPRENDEDORES-VLG-LA29-ORIENEMPR-OE 982	16.320,00	16.320,00	16.320,00
333-6320017	-	BOLSA SOBRANTE OBXECTIVO TÊMÁTICO 09	46.032,00	46.032,00	46.032,00
TOTAIS			1.150.800,00	1.150.800,00	1.150.800,00

O que se pretende con este expediente é adaptar a 1º senda financeira presentada polo CVncello de vilagarcía de Arousa dentro da estratexia DUSI “VILAGARCÍA AVANZA”, a unha segunda senda que veu aprobada recentemente polo Ministerio de Facenda e que responde mellor aos obxectivos temáticos perseguidos así como ás necesidades inherentes ao desenvolvemento da estratexia, tal e como se explica no informe da Directora DUSI do que deriva o presente expediente de modificación orzamentaria e de cambio de finalidade; así pois, resulta preciso que o financiamento afectado aos proxectos de gasto engadidos na 1ª senda financeira se adapten as novas liñas de actuación aprobadas polo Ministerio, e todo coa maior urxencia posible co fin de axustarnos aos prazos de execución comprendidos na 2ª segunda senda de “VILAGARCÍA AVANZA”.

Se trata de trasladar os cambios operados nos proxectos de gasto engadidos na 1º senda financeira da estratexia “VILAGARCÍA AVANZA” á contabilidade municipal e ao conseguinte esquema de financiamento, desistindo dos 30 proxectos inicialmente presentados e financiados con cargo ao préstamo **Nº 2017/1/79420** que pasan a refundirse en 18 novas liñas de actuación das que 17 veríanse afectadas polo presente expediente, a través da figura da modificación orzamentaria se dotará do crédito preciso para os novos proxectos expostos ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente (**Ref. INT/2018/000128-1**)), que existen excesos de financiamento nos proxectos indicados no **Anexo I** á presente Providencia por importe de **1.150.800,00€**.

Esta Alcaldía, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente **nº 01/CF/2018** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **1.150.800,00€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no **Anexo I** do informe de Intervención do orzamento vixente.

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPEDIENTE Nº 01/SC/2018 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E Nº 03/CF/2018 DE CAMBIO DE FINALIDADE (EXPTE. ELECTRÓNICO INT/2018/000131).: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MOFIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMO INGRESADO.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 20 de xuño de 2018 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº01/SC/2018** de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de **17.830,00€**.
- Expediente **Nº03/CF/2018** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **17.830,00€**.

Todos eles co fin de dar cobertura o seguinte proxecto de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
432-63200	01/16/2016	ACONDICIONAMENTO OFICINA TURISMO	17.830,00	17.830,00	17.830,00
TOTAIS			17.830,00	17.830,00	17.830,00

O que se pretende con este expediente é facer uso do excedente de financiamento afectado existente no proxecto de gasto de inversión Nº 01/18/2015 “MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE”, para dar cobertura orzamentaria a gasto devengado no exercicio 2017 pero que non foi correctamente facturado polo contratista no exercicio de devengo.

Se trata dun gasto específico e determinado para o que se precisa suplementar a consignación orzamentaria á maior brevidade posible co fin de dar cumprimento ao obxectivo fiscal de sostibilidade financeira no cumprimento do Período Medio de Pago.

Tendo en conta o sobranse de financiamento afectado existente como consecuencia da finalización do proxecto de gasto correspondente ao exercicio 2015 “MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE, e que constitúe medios e recursos que poden financiar os aumentos que se propoñen por un importe de **17.830,00 €** ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen excesos de financiamento no proxecto indicados por importe de **20.511,48€**.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender ao compromiso anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **03/CF/2018** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **17.830,00€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos na aplicación e para o proxecto indicado nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Proxecto	Denominación	Dotación
4312	622	2015 2 OBRA 18	MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE 01/18/2015	17.830,00
		TOTAL		17.830,00

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **01/SC/2018** de suplemento de crédito por importe de **17.830,00€** para atender os gastos derivados do seguinte expediente:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
432-63200	01/16/2016	ACONDICIONAMENTO OFICINA TURISMO	17.830,00	17.830,00	17.830,00
TOTAIS			17.830,00	17.830,00	17.830,00

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente da operación de préstamo a longo prazo Nº PRÉSTAMO BBVA 2015 1 / 313110 engadida no Anexo de investimentos do exercicio 2015, por importe de **17.830,00€**.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestamento expreso para o proxecto afectado nos que se contabilizaran as baixas propostas.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indica:

		GASTO			FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
432-63200	01/2016	2016	ACONDICIONAMENTO OFICINA TURISMO	17.830,00	MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE 01/18/2015	PRÉSTAMO BBVA 2015 1 / 313110	17.830,00	87010
					TOTAL		17.830,00	
		TOTAIS		17.830,00			17.830,00	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **Nº03/CF/2018** de modificación de finalidades do préstamo afecto ao proxecto relacionado ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente **Nº01/SC/2018** de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 20 de xuño de 2018

O ALCALDE

Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente nº 01/SC/2018 de suplemento de crédito e nº 03/CF/2018 de cambio de finalidade (Expte. Electrónico INT/2018/000131).

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **03/CF/2018** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **17.830,00€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos na aplicación e para o proxecto indicado nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Proxecto	Denominación	Dotación
------	------	----------	--------------	----------

4312	622	2015 2 OBRA 18	MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE 01/18/2015	17.830,00
TOTAL				17.830,00

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **01/SC/2018** de suplemento de crédito por importe de **17.830,00€** para atender os gastos derivados do seguinte expediente:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
432-63200	01/16/2016	ACONDICIONAMENTO OFICINA TURISMO	17.830,00	17.830,00	17.830,00
TOTAIS			17.830,00	17.830,00	17.830,00

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente da operación de préstamo a longo prazo Nº PRÉSTAMO BBVA 2015 1 / 313110 engadida no Anexo de investimentos do exercicio 2015, por importe de **17.830,00€**.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestamento expreso para o proxecto afectado nos que se contabilizaran as baixas propostas.

QUINTO: Modificar o Anexo de Invetimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indica:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
432-63200	01/2016	2016	ACONDICIONAMENTO OFICINA TURISMO	17.830,00	MELLORA DA PRAZA DE ABASTOS-2ª FASE 01/18/2015	PRÉSTAMO BBVA 2015 1 / 313110	17.830,00	87010
TOTALS					17.830,00		17.830,00	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **Nº03/CF/2018** de modificación de finalidades do préstamo afecto ao proxecto relacionado ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Invetimentos; Expediente **Nº01/SC/2018** de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTINUIDADE DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE LIXO Ó VERTEDOIRO, LIMPEZA VIARIA, PRAZAS, PARQUES, XARDÍNS PÚBLICOS E PRAIAS DO CONCELLO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o informe sobre a continuidade do contrato de prestación do Servizo de Recollida E Transporte De Lixo Ao Vertedoiro, Limpeza Viaria, Prazas, Parques, Xardíns Públicos E Praias Do Concello e outros, emitido pola Secretaria do Concello coa data de 19 de xuño de 2018, a petición desta Alcaldía, e tendo en conta que:

1) O Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2015 aprobou a prórroga dos contratos subscritos coa Empresa Cespa S.A., polo período de 3 anos, considerándose finalizados o día 2 de xullo de 2018 os seguintes contratos:

- Recollida de lixo, transporte e limpeza viaria
- Mantemento e limpeza de colectores de lixo e papeleiras.
- Recollida e traslado de voluminosos á planta de Cespa S.A.

2) Na actualidade estamos ante un contrato de servizos no que o seu prazo de execución conclúe o 2 de xullo de 2018, por finalizar nesa data os 25 anos de duración máxima permitida, e que por diversas circunstancias aínda non está finalizada a redacción do prego de condicións administrativas e técnicas que debe rexer, no seu caso, a adxudicación deste servizo básico. Polo tanto aos meses que se precisan para a finalización dos devanditos pregos (nos que hai diversos factores que decidir tales como, se se inclúe ou non a recollida de papel, envases (plásticos), xestión do punto limpo, etc.) tamén se precisa, a maiores, dun tempo importante unha vez tramitado e adxudicado o contrato de servizos para a súa posta en funcionamento (compra de vehículos, colectores, etc)

3) Tamén se debe facer constar que este servizo externalizado conta na actualidade con numerosos, medios materiais e persoais, sendo a recollida dos residuos sólidos urbanos e a limpeza viaria un servizo que debe prestarse en todos os municipios dun modo obrigatorio (art. 26-1.a) LBRL.)

4) En canto á situación na que queda o servizo mentres se contrata ao novo adxudicatario, cabería invocar tanto o artigo 35 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (aprobado por RDL 3/2011 de 14 de novembro, como o actual artigo 42 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se dispón que se a declaración administrativa de nulidade de un contrato producise o grave trastorno para o servizo público poderá dispoñerse a continuación do contrato baixo as mesmas cláusulas ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Polo exposto propónse á Corporación Municipal a aprobación da continuidade do contrato subscrito coa empresa Cespa S.A. (Ferrovia) ata a aprobación polo Pleno da Corporación dos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexerán a licitación do servizo así como durante o tempo necesario para a súa tramitación posterior e posta en funcionamento dun xeito efectivo por parte da empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, e polo tanto autorizando a continuidade transitoria baixo as mesmas cláusulas, dos contratos seguintes:

1.- Recollida de lixo, transporte, limpeza viaria de prazas, parques e xardíns públicos: 2.814.839,95€/ano.

2.- Mantemento e limpeza de contedores de lixo e papeleiras: 114.432,15€/ano.

3.- a) Recollida e traslado de voluminosos á planta de Cespa S.A. en Cerceda: 14.540,66€/ano.

b) Tratamento de voluminosos: 22.860,78€/ano.

Total anual IVE incluído: 2.966.672,51€ (aproximadamente)

Vilagarcía de Arousa, 20 de xuño de 2018.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da da continuidade do contrato de prestación do servizo de recollida e transporte de lixo ó vertedoiro, limpeza viaria, prazas, parques, xardíns públicos e praias do Concello.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), e dez abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da continuidade do contrato suscrito coa empresa Cespa S.A. (Ferrovia) ata a aprobación polo Pleno da Corporación dos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexerán a licitación do servizo así como durante o tempo necesario para a súa tramitación posterior e posta en funcionamento dun xeito efectivo por parte da empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, e polo tanto autorizando a continuidade transitoria baixo as mesmas cláusulas, dos contratos seguintes:

1.- Recollida de lixo, transporte, limpeza viaria de prazas, parques e xardíns públicos: 2.814.839,95€/ano.

2.- Mantemento e limpeza de contedores de lixo e papeleiras: 114.432,15€/ano.

3.- a) Recollida e traslado de voluminosos á planta de Cespa S.A. en Cerceda: 14.540,66€/ano.

b) Tratamento de voluminosos: 22.860,78€/ano.

Total anual IVE incluído: 2.966.672,51€ (aproximadamente)

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA POR UNHA VILA QUE FOMENTE A ECONOMÍA SOCIAL.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría coa data de 19 de xuño, do teor seguinte:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 28 de xuño de 2018, a seguinte moción
MOCIÓN POR UNHA VILA QUE FOMENTE A ECONOMÍA SOCIAL

Exposición de motivos:

Ás portas do Día Mundial do Cooperativismo, o vindeiro 7 de xullo, temos que lembrar a frase que Joseph Stiglitz, premio Nobel de economía, formulou no último Foro Mundial da Economía Social celebrado en Quebec no ano 2016: “Na próxima década as cooperativas serán a única alternativa ao modelo económico fundado no egoísmo que fomenta as desigualdades”. Esta frase non é menor se temos en conta que nos últimos anos en Galicia vemos como o número de entidades de economía social non para de aumentar e conta na actualidade con máis de 7.000 empresas que empregan 320.000 persoas e que representan o 10% do PIB do noso país.

Se observamos o comportamento do cooperativismo, fórmula da economía social máis usual para o emprendemento, decatámonos de que contaba a finais do ano 2017 con 1.309 entidades activas, o que supón 235 máis ca no ano 2008, e que se confirma así como un dos poucos modelos empresariais que non só mantivo o número organizacións durante os peores anos da chamada crise económica, senón que o aumentou. Demostra deste xeito a súa capacidade de resistencia ás crises económicas, a súa capacidade de creación de emprego estable e de calidade, a vinculación co territorio e de mellora do benestar social.

Algunhas das características desta economía son a cooperación, a innovación, a proximidade, a sustentabilidade, a comunidade, a solidariedade e a produción e o consumo responsables. Todas elas invitan á inclusión deste tipo de organizacións nas iniciativas de desenvolvemento local, xa que constitúen un bo instrumento para o desenvolvemento territorial, pois estas organizacións empregan os recursos do entorno no que operan e reinvesten os seus beneficios no mesmo.

Todas estas cuestións, xunto con outras, téñenas en conta a Unión Europea, o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia para establecer directrices e medidas que fomenten de xeito directo e indirecto a economía social.

Unha das últimas é a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que se establece como unha ferramenta que “pretende fomentar unha contratación pública responsable, ética e legal, á vez que eficiente dende o punto de vista económico”. Do mesmo xeito pretende servir para demostrar o “compromiso das Administracións Públicas coa innovación, o emprego de calidade, a igualdade entre homes e mulleres, a cohesión social e coas persoas desfavorecidas”, piares da economía social. Para levar a cabo estas declaracións de intencións, a Lei dótase, entre outras, de dúas ferramentas: as cláusulas sociais e a reserva de contratación para entidades de economía social.

En Galicia contamos con medidas propias para o fomento e promoción do cooperativismo e a economía social entre as que destaca a Rede Eusumo creada no ano 2012 a través do Decreto 225/2015 de 15 de novembro e que ten como principais obxectivos:

- Fomentar o espírito emprendedor e a creación e consolidación de emprego a través da economía social.
- Reforzar a intercooperación entre entidades e incrementar os medios dispoñibles.
- Impulsar o modelo empresarial no ámbito local.

A Rede conta a día de hoxe con máis de 200 entidades adheridas entre as que se atopan, ademais das tres Universidades e as Deputacións da Coruña e de Pontevedra, moitos concellos e entidades supramunicipais. Levan máis de 120 entidades de economía social constituídos, 600 proxectos asesorados con máis de 2.000 persoas promotoras atendidas e 840 actividades con máis de 4.000 persoas participantes. Algúns destes proxectos e actividades levados a cabo en Vilagarcía de Arousa pero sempre á marxe do Concello.

A Rede tamén conta cunha liña de financiamento de 1,2 millóns de euros para as entidades que forman parte da mesma con fin de axudarlles nestes labores de fomento e promoción do cooperativismo e da economía social.

Neste ano, ademais, acaban de poñerse en marcha a través da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 24 de maio os “Laboratorios Cooperativos no Rural” que pretenden dinamizar a economía local mediante fórmulas de economía social e aos que Vilagarcía de Arousa pode optar.

Vilagarcía non pode deixar pasar este tren, como xa fixo con outros, xa que este lévanos a unha Vila diferente construída sobre unha economía que pon no centro das súas decisións ás persoas. Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1• Realizar un estudo que identifique as entidades de Economía Social na Vila e que as relacione co resto do país ademais de identificar aqueles sectores potenciais para a súa implementación.
 - 2• Introducir a Economía Social en todos os programas de fomento do emprego e en especial naqueles que están dirixidos a colectivos en risco de exclusión.
 - 3• Incluír na contratación, tal é como establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cláusulas sociais e levar a cabo a correspondente reserva de contratos para entidades da economía social.
 - 4• Incluír as fórmulas de emprendemento da economía social -nomeadamente: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción- como prioritarias á hora de facilitar financiamento público.
 - 5• Solicitar cando menos unha axuda ao abeiro da Orde do 24 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Laboratorio cooperativo en materia de turismo sustentable na nosa Vila.
 - 6• Solicitar a adhesión á Rede Eusumo para o fomento e o desenvolvemento da economía social.
- En Vilagarcía de Arousa, a 19 de xuño de 2018

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría por unha vila que fomente a economía social.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría e:

- 1• Realizar un estudo que identifique as entidades de Economía Social na Vila e que as relacione co resto do país ademais de identificar aqueles sectores potenciais para a súa implementación.
- 2• Introducir a Economía Social en todos os programas de fomento do emprego e en especial naqueles que están dirixidos a colectivos en risco de exclusión.
- 3• Incluír na contratación, tal é como establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cláusulas sociais e levar a cabo a correspondente reserva de contratos para entidades da economía social.
- 4• Incluír as fórmulas de emprendemento da economía social -nomeadamente: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción- como prioritarias á hora de facilitar financiamento público.
- 5• Solicitar cando menos unha axuda ao abeiro da Orde do 24 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Laboratorio cooperativo en materia de turismo sustentable na nosa Vila.
- 6• Solicitar a adhesión á Rede Eusumo para o fomento e o desenvolvemento da economía social.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBE MEDIDAS PARA AVANZAR NA LAICIDADE DO ESTADO NO ÁMBITO MUNICIPAL.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 20 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN SOBRE MEDIDAS PARA AVANZAR NA LAICIDAD DO ESTADO NO ÁMBITO MUNICIPAL EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A laicidade é un aceno de identidade consubstancial coa soberanía do poder civil, a liberdade individual e a democracia. Cada persoa é titular do dereito á liberdade ideolóxica e ás súas propias conviccións e crenzas. Por iso o exercicio da liberdade de pensamento e de conciencia ten unha enorme transcendencia pública. Iso esixe unha política que proporcione garantías e regule o seu exercicio de forma constitucionalmente adecuada, dentro da neutralidade que ao Estado e ás súas Institucións débesele esixir, e, por suposto, no ámbito municipal.

Aténdonos ao que establece a actual Constitución española, “Ningunha confesión terá carácter estatal”, e o Concello de Vilagarcía de Arousa, debe ter como obxectivo democrático fomentar a liberdade de conciencia e a independencia desta institución do Estado de calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, por respecto á pluralidade ideolóxica, de conviccións e crenzas do conxunto da cidadanía deste municipio.

Por todo isto, facemos a proposta de adopción dos seguintes, ACORDOS:

- 1.- Os regulamentos municipais de honras e protocolos e dos seus entes públicos adecuaranse á “non confesionalidade do Estado”, principio que ampara o artigo 16.3 da actual Constitución.
- 2.- Os membros da corporación local e o persoal ao servizo da administración municipal non mostrarán, no exercicio do seu cargo ou das súas funcións, ningún xesto de submisión ou veneración de persoas ou imaxes relixiosas, nin participarán en función do seu cargo nas devanditas manifestacións relixiosas.
- 3.- Nos espazos de titularidade pública que dependan deste Concello non existirá simboloxía relixiosa, salvo aquela que signifique un ben patrimonial e histórico especialmente contrastado.
- 4.- Igualmente non se promoverán, por parte deste concello, ritos nin celebracións relixiosas de ningún tipo, sendo todos os actos organizados polo Concello exclusivamente de carácter civil.
- 5.- Este Concello e a súa corporación, non se encomendarán a santoral, imaxes ou rituais relixiosos.
- 6.- Elaborarase un censo, que se fará público dos locais, vivendas ou espazos rústicos que estean exentos do pago do IBI neste termo municipal. Ao mesmo tempo este Concello pronúnciase a favor de que se modifiquen as Leis e Acordos estatais pertinentes, para que todas as entidades relixiosas ou doutra natureza ideolóxica non teñan exencións de impostos municipais, incluído o de Bens Inmóveis (IBI), que se deriven da súa actividade, xa sexa de carácter relixioso ou mercantil. Acordo que se elevará ao Congreso dos Deputados.
- 7.- No seu caso, este Concello, elaborará un censo das propiedades rústicas e urbanas das que se puido apropiarse a Igrexa católica, mediante o sistema de in-matriculación, desde 1946. Solicitando, no seu caso, a información pertinente aos rexistradores da propiedade correspondentes. E instando o Congreso dos Deputados a que lexisle para a reversión de dicha in-matriculación ao Estado ou aos seus lexítimos propietarios.
- 8.- Este Concello facilitará que as cerimoniais civís (acollida cidadá de nenas e nenos cuxas familias o soliciten, matrimonios e funerais) poidanse celebrar, sen obstáculos, dando á cidadanía todo tipo de facilidades para iso e poñendo a adecuada infraestrutura pública.
- 9.- Asegurarase que no cemiterio deste municipio (que será exclusivamente civil) os familiares dos defuntos, poidan celebrar as cerimoniais e enterramentos que estimen pertinentes en base ás súas crenzas e conviccións, dentro da legalidade, hixiene e salubridade públicas.

10.- Os poderes públicos locais, no marco das súas competencias, en materia de Educación, velarán pola laicidade dos ensinamentos impartidos nos itinerarios oficiais e nos centros de educación infantil, no seu caso.

11.- O Concello, en períodos electorais, facilitará colexios ou locais non confesionais e, no seu caso se son privados, que estean libres de simboloxía relixiosa ou doutra natureza ideolóxica, para o exercicio democrático de votar.

12.- Este Concello promove e adhírese á constitución da REDE DE MUNICIPIOS POR UN ESTADO LAICO, para iso acorda a súa incorporación á devandita Rede.

En Vilagarcía de Arousa a 19 de xuño do 2018

Asdo.

Voceiro do grupo

municipal de Esquerda Unida

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre medidas para avanzar na laicidade do Estado no ámbito Municipal.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE, e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre medidas para avanzar na laicidade do Estado no ámbito Municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE SOLICITUDE DE FORMACIÓN PARA O MANEXO DOS DESFIBRILADORES EXISTENTES NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 20 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 25-2-2016, a seguinte MOCION:

SOLICITUDE DE FORMACIÓN PARA O MANEXO DOS DESFIBRILADORES EXISTENTES EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

O Concello de Vilagarcía de Arousa ten colocados 22 desfibriladores en instalacións municipais, 12 de eles desde novembro do ano 2016. No momento da súa instalación, fai xa dous anos, o goberno anunciou sesións formativas sobre a súa correcta utilización que se organizaron para o persoal municipal, especialmente os e as responsables de instalacións culturais, pero deixáronse no olvido os que están disponibles nas dependencias de uso deportivo.

É importante destacar que en pavillóns e campos de fútbol municipais habitualmente se concentra unha gran cantidade de usuarios e usuarias co agravante de que en grande medida son menores. Por outra banda, de todos es sabido que durante o horario que permanecen abertas estas instalacións non hai presenza de persoal municipal (excepto no Complexo de Fontecarmos) polo que son os responsables dos clubs que os utilizan (adestradores e directivos) os que están ó fronte das dependencias na meirande parte do tempo.

Algúns destes directivos acudiron ao Partido Popular para transmitirnos a súa preocupación polas noticias, cada vez máis frecuentes, sobre accidentes cardiovasculares que acontecen no desenvolvemento de actividades deportivas e pola falta de formación para o correcto uso dos desfibriladores que están disponibles nas instalacións que utilizan regularmente. Tamén teñen interese por informarse sobre o estado de mantemento nas que se atopan e as medidas a adoptar en caso necesario.

Pot todo o exposto, este grupo municipal

SOLICITA:

- Formación básica para o correcto manexo dos desfibriladores existentes en instalacións deportivas municipais, especialmente para adestradores e directivos dos clubs que estás ao fronte delas habitualmente.
- Revisión e información sobre o mantemento dos desfibriladores
- Sesións de reciclaxe para o persoal municipal xa formado anteriormente e para aquel que se incorporou á plantilla municipal despois das sesións iniciais.

Asdo.

Voceiro do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP de solicitude de formación para o manexo dos desfibriladores existentes nas instalacións municipais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e que se proceda a:

- Formación básica para o correcto manexo dos desfibriladores existentes en instalacións deportivas municipais, especialmente para adestradores e directivos dos clubs que estás ao fronte delas habitualmente.
- Revisión e información sobre o mantemento dos desfibriladores
- Sesións de reciclaxe para o persoal municipal xa formado anteriormente e para aquel que se incorporou á plantilla municipal despois das sesións iniciais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas:

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180628&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:20 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.